



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y KYOWA KIRIN FARMACEUTICA S.L

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Presidente do Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar con KYOWA KIRIN FARMACÉUTICA S.L o referido convenio marco de colaboración cunha vixencia de tres anos prorrogables, de maneira expresa, por períodos iguais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o ámbito de colaboración entre as partes asinantes para propiciar a realización de actividades de formación, e desenvolvemento tecnolóxico, para a consecución de resultados de saúde que repercutan positivamente no tratamento dalgunhas das enfermidades que afecten á cidadanía galega e sempre, en todo caso, axustándose ao establecido na lexislación vixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no interese que KIOWA ten de alienarse cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde relacionados coa prevención e atención sanitaria, coa mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e da cidadanía e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se





traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da prórroga do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

